

VAI DE BARANDA!



A Requinta da Laxeira vai de baranda (chunda, chunda), de aquí para acolá, unhas veces preto e outras máis lonxe...sempre con brincos, voltas, “alegría”...fiel reflexo da savia nova.

A Asociación Cultural San Campio é o berce e acubillo deste grupo que comeza a súa andaina alá polo ano 2004.

A comarca da Ulla e as súas xentes representan o semilleiro que fai agromar en cada unha das súas actuacións “as músicas e os cantares” dun tempo, e máis o imprescindible arrecendo a festa rachada!.

A requinta, instrumento característico desta zona e que tamén lle dá nome á formación, é a anfitrióna de muñeiras, pasodobles, xotas, rumbas ..., e que convidan a botar unha “baila” tanto ó suelto como ó “agharradiño”.

Viva a “ghaita” e as/os “ghaiteiros/as”, viva a requinta e os/as requinteiros/as, viva a festa e os festeiros!

Aturuxos...”foghetes ó aire”...pum...pum...pum!

A Requinta da Laxeira...VAI DE BARANDA!

Este ano, no artigo que a Asociación Cultural San Campio fai para o libro da Festa do Viño, queremos rendirlle unha pequena homenaxe ao noso grupo, de aí as verbas coas que comezamos este escrito.

Moitos son os motivos: o seu xeito de entender a música e a festa, a enerxía que desprenden en cada concerto, o esforzo por continuar neste eido...e outro non menos importante, é a gravación do seu primeiro disco, titulado “Vai de Baranda”. O pasado 21 de decembro de 2009 tivo lugar nos Estudos Mans da Coruña a gravación en directo que dou lugar a este traballo.

E falando da Festa do Viño, non podía faltar unha canción do seu repertorio moi apropiada para a ocasión:

a tódolos/as que confiaron en nós; ós/ás veciños/as e amigos/as; ós amores e parellas; ás nosas familias por querernos tanto e por estar sempre; ó “lk” (léase licor café), fiel compañeiro das nosas “caralladas”; a tódolos/as que nos seguides dende sempre e que levades algo de “laxeiros” no “peito”... isto é para vós.

Era o viño
Era o viño
Era o viño miña nai,
Era o viño
Era o viño miña nai,

Era o viño

Era o viño miña nai, era o viño
era o viño mezclado coa caña,
era o viño miña nai, era o viño
era o viño que me emborrachaba.

(ESTRIBILLO)

O viño branco é meu primo
o tinto é meu parante,
non hai festiña no mundo
onde meu primo non entre.

ESTRIBILLO.

O viño branco é meu primo
o tinto é meu parante,
non sei que terá o viño
que tanto mal fai á xente.

ESTRIBILLO.

O viño é cousa santa,
que nace na cepa torta,
a uns prívalle o sentido
outros non certan da porta.

ESTRIBILLO.

Dáme viño dáme viño,
que xa me vou para o mar,
dáme viño dáme viño.
que “augha” teño a fartar.

